

# **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE FÍSICA DA MATERIA CONDENSADA**

## **CAPÍTULO PRELIMINAR**

### Artigo 1

O Departamento de Física da Materia Condensada da Universidade de Santiago de Compostela, rexerase, no marco do sinalado na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (LOU), na normativa regulamentaria que a desenvolva e sexa de aplicación, polo disposto nos Estatutos da Universidade e no presente Regulamento.

### Artigo 2

1. O Departamento de Física da Materia Condensada da Universidade de Santiago de Compostela agrupa a todo o persoal docente e investigador adscrito á área de coñecemento de Física da Materia Condensada.
2. Todo o persoal docente, investigador ou de administración e servicios vinculado ao Departamento de Física da Materia Condensada estará suxeito ao presente Regulamento.
3. O Departamento de Física da Materia Condensada é o órgano encargado, en todos os Centros da Universidade, da organización e desenvolvemento do ensino e a investigación na dita área de coñecemento.

### Artigo 3

O Consello de Departamento poderá propor ao Consello de Goberno a creación de seccións departamentais. A iniciativa para promover a creación destas seccións corresponderalle ao profesorado que reúna o número que estableza a normativa vixente.

### Artigo 4

A sede do Departamento ubicarase no edificio da Facultade de Física.

### Artigo 5

Para os efectos que atinxe o artigo 16 dos Estatutos da Universidade, o Departamento de Física da Materia Condensada estará adscrito á Facultade de Física.

## **CAPÍTULO I. Dos órganos de goberno**

### **Artigo 6**

Son órganos de dirección e xestión do Departamento de Física da Materia Condensada os seguintes:

- a) O Consello de Departamento
- b) A Comisión Permanente
- c) O Director
- d) O Secretario

### **Artigo 7**

O Consello do Departamento estará composto por:

- a) Os doutores membros do Departamento
- b) O profesorado e axudantes sen título de doutor a tempo completo
- c) O resto do persoal docente e investigador a tempo parcial e investigadores en formación e perfeccionamento, sempre que non excedan do 10% do total de membros.
- d) unha representación do estudiantado do ámbito de docencia do Departamento, elixidos cada dous anos, que suporá o 25% do total dos membros do Consello de Departamento. Desta porcentaxe, o 10% corresponderá a estudiantado de primeiro e segundo ciclo e o 15% a estudiantado de terceiro ciclo.
- e) Un representante do persoal de administración e servizos

### **Artigo 8**

Corresponderalle ao Consello de Departamento:

- a) A elección do Director e, de ser o caso, a proposta ao Reitor da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada por maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.
- b) A planificación e coordinación da actividade docente e a coordinación da actividade investigadora do Departamento, así como o control do seu cumprimento.
- c) A validación de programas docentes e sistemas de avaliación das materias das que sexa responsable.
- d) A formulación das demandas de profesorado, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e do terceiro ciclo, e a información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.
- e) A distribución das cantidades asignadas e dispoñibles polo Departamento
- f) A elaboración e aprobación do seu regulamento de réxime interno
- g) A creación de comisións para o mellor desenvolvemento das súas funcións.

- h) A promoción do perfeccionamento da docencia.
- i) A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, consonte a lexislación vixente.
- j) A emisión dos informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico do seu estudantado.
- k) O informe dos proxectos de teses de doutoramento e a proposta das comisións xulgadoras das devanditas teses.
- l) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da Universidade ou a lexislación vixente.

## Artigo 9

1. O Consello de Departamento reunirase por iniciativa da dirección ou a pedimento dun terzo dos seus membros. Celebrará, polo menos, unha sesión ordinaria cada trimestre do ano lectivo.
2. A convocatoria das sesións ordinarias do Consello será realizada polo Director ou por quen legalmente faga súas funcións, notificándoa aos membros do mesmo cunha antelación mínima de 48 horas. Sen prexuízo doutras formas de publicidade, dita notificación será persoal e entregarase nos casilleiros de correspondencia que os membros teñen no centro agás para aqueles que soliciten a remisión por correo electrónico no seu enderezo usc.
3. Ás convocatorias ordinarias do Consello de Departamento unirase unha orde do día redactada polo Director. Nela se deben incluír ademáis dos puntos que a dirección considere oportunos, os que dimanen da Comisión do Consello e os solicitados por un mínimo dun quinto dos membros do Consello.
4. O Consello do Departamento reunirase de modo extraordinario convocado polo Director por propia iniciativa, para tratar asuntos monográficos ou de urxencia, ou a petición dun terzo dos seus membros. Neste último caso, o Consello celebrarase no prazo máximo de dez días a menos que na petición se indique o carácter de urxencia, nese caso celebrarase un prazo máximo de catro días.
5. As convocatorias extraordinarias do Consello serán realizadas polo Director ou por quen legalmente faga as súas funcións, notificándoa aos membros do mesmo cunha antelación mínima de 48 horas. Na orde do día destas sesións extraordinarias non se incluírán os puntos relativos a aprobación das actas, asuntos de trámite, informes ou rogos e preguntas.
6. En cada convocatoria deberá constar ademais da orde do día, o lugar, a data e as horas sinaladas para a celebración en primeira e segunda convocatoria. Adxuntarase á convocatoria toda a documentación necesaria para a información dos seus membros, ou se indicará o lugar onde estará depositada para a consulta polos membros do Consello.

7. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
8. O Consello de Departamento poderá invitar a asistir ás súas reunións para discutir asuntos específicos, con voz pero sen voto, a calquera membro da comunidade universitaria que poida resultar afectado.

## Artigo 10

1. O Consello presidirao o Director ou quen legalmente o substitúa.
2. Para a válida constitución do Consello, será necesaria en primeira convocatoria a asistencia persoal da metade dos seus membros. De non se producir quórum na primeira convocatoria, o Consello constituirase na segunda convocatoria sempre que estean presentes un sexto dos seus membros. En todo caso requírese a asistencia do Director e do Secretario ou de quen legalmente os substitúan.
3. As sesións ordinarias do Consello iniciaranse coa lectura polo Secretario e a aprobación ou modificación da Acta da última sesión ordinaria celebrada, así como das Actas das sesións extraordinarias celebradas desde a última sesión ordinaria do Consello. Seguidamente, pasarase ao exame, debate e, no seu caso, votación dos puntos establecidos na orde do día da convocatoria.
4. Corresponderá ao Presidente establecer a orde de intervención e moderar o debate, conceder e retirar a palabra, e precisar os termos ou propostas obxecto de votación. No exercicio de dita competencia, poderá establecer unha orde cerrada de intervencións e asignar tempos determinados a cada unha delas, garantindo, ao menos, un dereito de réplica por alusións.
5. Os acordos poderán adoptarse por:
  - Asentimento: canda realizada unha proposta polo Presidente ésta non suscita obxeccións ou oposición por ningún membro.
  - Por votación ordinaria a man alzada ou secreta; será secreta cando se trate da avaliación de persoas concretas ou a solicitude dalgún dos seus membros asistentes. Na votación ordinaria a man alzada, votarán primeiro os que aproban a cuestión, en segundo lugar os que a desaproban e en terceiro lugar aqueles que se absteñen. O Secretario fará o recuento e de seguido o Presidente fará público o resultado.
6. Non se admitirá a delegación do voto nin o voto anticipado dos membros do Consello. Iniciada unha votación non poderá interromperse, nin poderá entrar ou saír da sala ningún membro do Consello.
7. Todas as propostas de acordo do Consello deberán ser votadas separadamente. Para ser válidos, os acordos do Consello deberán acadar a metade máis un dos votos dos membros presentes; en segunda votación, realizada entre as dúas opcións máis votadas na primeira, por maioría simple. En caso de empate, abrirase unha quenda de intervencións, producíndose de

seguido unha terceira votación. De manterse o empate, o Presidente poderá exercer o voto de calidade ou aprazar o tema de que se trate.

#### Artigo 11

1. De cada sesión que celebre o órgano colexiado levantarase acta polo Secretario, que especificará necesiariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo no que teñan celebrado, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoitados.
2. Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros do órgano, o voto contrario ao acordo adoitado, ou o sentido favorable do seu voto. Asimesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que aporte no acto, ou no prazo que sinale o Director, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose constar na acta ou achegando na reunión copia da mesma.
3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de 48 horas, que se incorporará ao texto aprobado.
4. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, no seu caso, poida derivarse dos acordos.
5. As actas aprobaranse consonte se indica no artigo 10 deste Regulamento, non obstante o Secretario pode emitir certificación sobre os acordos específicos que se teñan adoitados con anterioridade á aprobación da acta, facendo constar expresamente tal circunstancia na certificación.
6. As actas unha vez redactadas e aprobadas documentarase e serán asinadas polo Secretario co visto e praxe do Director do Departamento. Coa periodicidade que se determine procederase á encadernación das mesmas.

#### Artigo 12

1. Establécese unha Comisión Permanente do Consello de Departamento que estará composta por:
  - a) O Director do Departamento
  - b) O Secretario do Departamento, que tamén o será da mesma.
  - c) Un membro do Departamento do persoal docente (funcionario ou laboral) por cada un dos grupos de investigación (G.I.) adscritos ao Departamento e recoñecidos no catálogo oficial de G.I. do Vicerrectorado de Investigación vixente en cada momento.
2. Os membros non natos da Comisión Permanente serán elixidos nunha reunión do Consello de Departamento por un período de catro anos.

### Artigo 13

Son competencias da Comisión Permanente, por delegación do Consello:

- a) Aprobar os informes rutinarios sobre tarefas docentes e/ou investigadoras do profesorado.
- b) Aprobar os informes de carácter ordinario sobre o persoal docente contratado do departamento que se esixan para a renovación de contrato.
- c) Aprobar os asuntos de trámite.
- d) Cantos outros informes e tarefas lle sexan encomendadas polo Consello de Departamento.

### Artigo 14

1. A Comisión Permanente reunirse por decisión do Director do Departamento, ou a petición dun terzo dos seus membros.
2. A convocatoria realizarase cun mínimo de 24 horas de antelación. As convocatorias serán personais e entregadas nos apartados destinados á correspondencia interna do centro.
3. Os acordos da Comisión Permanente requirirán a unanimidade dos seus membros. No caso de non acadarse dita maioría cualificada na tramitación dun asunto, ou a petición de calquera dos membros da Comisión, a tramitación do citado asunto seguirase nunha reunión extraordinaria do Consello do Departamento convocada dacordo co disposto no artigo 9 deste Regulamento no prazo de cinco días hábiles contados a partires do seguinte á data da reunión da Comisión Permanente.
4. De todas as reunións da Comisión Permanente o Secretario redactará unha acta.
5. A Comisión informará de todas as súas actuacións na primeira reunión ordinaria do Consello que se celebre con posterioridade a elas. Os seus acordos de carácter executivo, tomados por delegación do Consello, recolleranse no libro de actas do Consello.

### Artigo 15

1. Os membros elixibles do Consello de Departamento e da Comisión Permanente cesarán por algunha das seguintes causas:
  - a) Perda da condición pola que foron elixidos.
  - b) A petición propia (en este caso a renuncia deberá ser aceptada polo Consello de Departamento).
2. No caso de cesamento dun membro do Consello de Departamento ou da Comisión Permanente, será substituído polo seguinte máis votado, ata que proceda unha nova elección.

## Artigo 16

1. O Director representa o Departamento, exerce a súa dirección, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.
2. A dirección do Departamento corresponderalle por elección a un dos seus membros, que sexa profesor doutor pertencente aos corpos docentes universitarios.
3. De non se poder levar a cabo o nomeamento do Director do Departamento por falta de candidatos que reúnan os requisitos esixidos, o Consello de Goberno, trala proposta do Reitor, encargarlle provisoriamente as funcións de dirección a un profesor ou profesora do departamento ou, no seu defecto, doutro departamento. Rematado o curso académico, convocaranse eleccións.
4. O Director do Departamento será elixido polo Consello de Departamento, e nomearao o Reitor.
5. No caso de ausencia, o Director será substituído, con carácter accidental, por un membro do Departamento designado polo Director, de entre os seus profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios, e no seu defecto, polo de maior antigüidade.

## Artigo 17

1. O Secretario do Departamento é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Departamento e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos que consten nos documentos oficiais do Departamento. Ademáis, exercerá aqueloutras funcións que lle delegue o Director ou lle encomende a normativa vixente.
2. O Secretario será nomeado polo Reitor, trala proposta do Director, entre o profesorado e axudantes do Departamento.
3. O Secretario cesará por decisión do Reitor, logo de proposta do Director do Departamento ou a petición propia.
4. No caso de ausencia, o Secretario será substituído, con carácter accidental, por un membro do Departamento designado polo Director, entre o profesorado e axudantes do Departamento, e no seu defecto, polo de menor antigüidade.

## **CAPÍTULO II. Da organización docente**

### Artigo 18

De acordo coa normativa de organización docente en vigor, o Consello de Departamento organizará a súa actividade docente.

### Artigo 19

1. Seguindo os criterios establecidos na normativa correspondente, o reparto do encargo docente farase de forma equitativa entre todo o persoal docente.
2. A distribución das obrigas docentes deberá contemplar, a priori e no posible, a posibilidade de ter que cubrir ausencias xustificadas de profesorado do Departamento durante o transcurso do ano académico.

### Artigo 20

1. De acordo coa normativa vixente, os programas das materias serán elaborados polos profesores e deberán aprobarse polo Consello do Departamento.
2. O Departamento comunicará aos respectivos centros a información a que se refire o punto anterior con anterioridade ao comezo do curso académico.

### Artigo 21

1. O Departamento, ademais de participar na programación dos estudos de correspondentes aos dous primeiros ciclos, poderá organizar aqueles que conduzan á obtención dos títulos de doutor do seu ámbito de competencia, así como outros estudos que podan dar dereito á obtención de certificados ou diplomas de especialización.
2. As actividades docentes ás que dean lugar estes estudos recolleranse no programa de organización docente ao que fai referencia o artigo 18 deste Regulamento.



### **CAPÍTULO III. Da investigación**

#### Artigo 22

1. O Departamento facilitará e apoiará na medida do posible o labor investigador dos grupos de investigación integrados polos seus membros.
2. O Departamento encargarse do rexistro actualizado da produción científica e da actividade investigadora do Departamento. Elaborará e publicará unha memoria bienal da investigación realizada polos distintos grupos de investigación que configuran o Departamento e manterá actualizada a páxina *web* do Departamento. Con este fin, os distintos grupos de investigación deberán remitir anualmente ao Secretario do Departamento información sobre os seguintes asuntos:
  - a) Liñas de investigación que desenvolvan, así como, se procede, persoal dependente deles ou adscritos ás liñas de investigación das que son responsables.
  - b) Artigos científicos publicados en publicacións periódicas de carácter científico.
  - c) Proxectos de investigación con entidades públicas ou privadas.
  - d) Calquera outra información que se requira no momento.

#### Artigo 23

1. O Departamento, ou os seus profesores a través del, poderá contratar con entidades públicas ou privadas ou ben con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, e mailo desenvolvemento de cursos de especialización, formación ou perfeccionamento.
2. O procedemento para a sinatura de ditos contratos axustarase ao establecido no correspondente regulamento aprobado polo Consello de Goberno.

#### Artigo 24

Tendo en conta os seus programas de investigación, e de acordo coa normativa vixente, o Departamento poderá propoñer á Universidade a contratación temporal de persoal que colabore no desenvolvemento dos mesmos, con cargo aos fondos específicos de investigación asignados pola Universidade ou aos procedentes de financiación exterior.

## **CAPÍTULO IV. Do persoal docente e investigador**

### **Artigo 25**

Os bolseiros, contratados predoctorais e persoal investigador en formación de investigación con cargo a fondos alleos ao Departamento que realicen traballo de investigación no seo dalgún dos Grupos de Investigación do Departamento, deberán acreditálos ao Secretario do Consello, para formalizar a súa adscrición ao Departamento nos termos que estableza a normativa vixente, e renovarán a dita acreditación ao comezo de cada nova prórroga ou contrato.

### **Artigo 26**

As propostas de nomeamentos de bolseiros e mailos de contratación de persoal con cargo a créditos xerais do departamento serán presentados ao seu Consello para a súa aprobación e tramitación ao Reitorado, no seu caso.

## **CAPÍTULO V. Da reforma do Regulamento**

### **Artigo 27**

1. A iniciativa para a reforma do presente Regulamento corresponderá ao Director ou ao dez por cento dos membros do Consello de Departamento.
2. A reforma do Regulamento requirirá a aprobación por maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento en primeira votación, e por maioría absoluta dos membros presentes en segunda. En caso de non admitirse a proposta de reforma non poderá presentarse unha proposta idéntica no prazo dun ano.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente Regulamento entrará en vixencia ao día seguinte da súa ratificación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.